

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do .4 de maio de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. José Manuel Mariño Mendoza
D. Eudósio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14.07 horas do día catro de maio de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(504).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(505).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PRÉSTAMO 2011. EXPTE. 101758/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Mesa constituída para a apertura das ofertas, integrada pola concelleira de Facenda (como Presidenta), Interventor Xeral, Tesoureiro e como secretario o Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, de data 5.04.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a operación de préstamo con apertura de póliza de crédito destinada a financiar parte do plan de investimentos previsto no orzamento xeral do ano 2011 a entidade financeira

BANCO BILBAO-VIZCAYA ARGENTARIA , de acordo ás seguintes condicións:

- **Importe:** 11.000.000,00 euros
- **Natureza:** Préstamo con apertura de conta de crédito.
- **Tipo de interese:** Variable, referenciado a EURIBOR.
- **Marxe:** Máximo de 2 puntos porcentuais
- **CAP:** Non se ofertou, polo tanto, o tipo de xuro e variable
- **Prazo de amortización:** 10 anos.
- **Plan de amortización:** Anual, a 31 de decembro de cada ano, sendo a primeira amortización o 31.12.2012 e a última o 31.12.2021. Se o día establecido para a amortización fose inhábil, cargarase a amortización o primeiro día hábil anterior.

- **Liquidación de intereses:** Trimestral (Trimestres naturais), a excepción do último trimestre de cada ano, que se liquidará e pagará o último día do trimestre ou hábil anterior, e o primeiro, que se liquidará dende a/as disposicións do período ata o fin do trimestre natural.

- **Carencia:** Dende a sinatura do contrato ata o 30.12.2012.
- **Consolidación da contía:** 31.12.2011.
- **Período de disposición:** O de carencia.
- **Amortización anticipada:** Sen custo.
- **Apertura da póliza:** Sen custo.

3(506).- PROPOSTA DE REAXUSTE DO PLAN DE INVESTIMENTOS FINANCIADOS CO PRÉSTAMO 2011. EXPTE. 101776/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, do 3.05.11, que di o seguinte:

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO REAXUSTE DO PLAN DE INVESTIMENTOS FINANCIADOS CO PRÉSTAMO DO ANO 2011

Asunto: Auto resolutorio do incidente de execución de 22 de marzo de 2011

Demandante: Miraflores, SA

Xulgado: Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Contía: 10.481.552,78 euros, aínda que o informe de actualización a data 24/03/2011, fixa o importe en 10.726.287 euros.

Prazo de execución: tres meses dende a notificación (23/03/2011)

Antecedentes para a execución

Solicitado polo Xulgado ao Concello informe acerca do estado de execución do Auto do Xulgado de 9 de febreiro de 2010, confirmado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 16 de setembro de 2010, en escrito do 2 de xullo de 2010, comunicase que no orzamento da Xerencia de Urbanismo para o ano 2010, que entrou en vigor o 16 de abril de 2010, consignouse unha aplicación orzamentaria específica por unha contía de 10.993.115,92 euros, para facer fronte o pago das indemnizacións, vinculándose a mesma a enaxenación do Patrimonio Publico do Solo polo mesmo importe, solicitando un prazo prudencial para proceder o pago a demandante.

Normativa de aplicación

O artigo 106 da Ley 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que, cando a Administración fose condenada ao pago de cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pago con cargo ao crédito correspondente do seu orzamento que terá sempre a consideración de ampliable. Si para o pago fose necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberá concluírse o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes o día da notificación da resolución xudicial.

A cantidade a que se refire o apartado anterior engadiráselle o xuro legal do diñeiro, calculado desde a data de notificación da sentenza ditada en única ou primeira instancia.

Non entanto o disposto no artigo 104.2, transcorridos tres meses dende que a sentenza firme sexa comunicada ao órgano que deba cumplila, poderase instar a execución forzosa. En este suposto, a autoridade xudicial, oído o órgano encargado de facela efectiva, poderá incrementar en dous puntos o xuro legal a devengar, sempre que se apreciase falta de dilixencia no cumprimento.

Na mesma liña, o artigo 173.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que a autoridade administrativa encargada da execución acordará o pago na forma e cos límites do respectivo orzamento. Si para o pago fose necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse ao Pleno un ou outro dentro dos tres meses seguintes o día da notificación da resolución xudicial.

O artigo 112 da Ley 29/1998, establece que transcorridos os prazos sinalados para o total cumprimento do fallo, o Xuíz ou o Tribunal adoptará, previa audiencia das partes, as medidas necesarias para lograr a efectividade do mandado.

Singularmente, acreditada a responsabilidade, previo apercibimento do Secretario xudicial notificado persoalmente para a formulación das alegacións, o Xuíz ou a Sala poderán:

- a. Impoñer multas coercitivas de cento cincuenta a mil cincocentos euros as autoridades, funcionarios ou axentes que incumpran os requirimentos do Xulgado ou da Sala, así como reiterar estas multas ata completa-la execución do fallo xudicial, sen prexuízo de outras responsabilidades patrimoniais a que houbese lugar.
- b. Deducir o oportuno testemuño de particulares para esixir a responsabilidade penal que puidese corresponder.

Sínteses do Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo de data 22 de marzo de 2011.

En relación o Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, notificado o 23 de marzo de 2011, relativo o asunto de referencia, o RAZOAMENTO XURÍDICO PRIMEIRO, pon de manifesto que non se presentou unha proposta razoada en orden a comprobar que, efectivamente, un pago abrupto da indemnización supuxera un quebranto grave para a Facenda Municipal.

Tamén fai mención o Auto o fracaso no procedemento de puxa do Patrimonio Publico do Solo para a obtención dos recursos necesarios para facer fronte o gastos do principal e dos seus xuros.

Tampouco ten noticias o Xulgado de que a Corporación adoptase acordo algún con cargo o orzamento vixente, nin tramitase modificación orzamentaria para facer fronte a devandita Sentenza.

O Xulgado da un prazo de tres meses o Concello, contados a partir da notificación do Auto para proceder a execución do mesmo, con apercibimento a Autoridade ou Funcionario responsable da imposición de multas coercitivas por semana de demora na execución.

O importe da débeda que corresponde o precitado Auto e de 10.481.552,78 euros, aínda que o informe de actualización a data 24/03/2011 do Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, fixa o importe en 10.726.287 euros.

Responsabilidades

De non adoptarse de inmediato as medidas necesarias para dar cumprimento o requirimento xudicial, se estará incorrendo en dous tipo de responsabilidades: a primeira, de tipo patrimonial, vaixe a xerar un menoscabo no patrimonio público como consecuencia do incremento en dous puntos no xuro legal aplicable, e a segunda, de tipo persoal, polas multas coercitivas e as posibles responsabilidades penais, así como as que correspondan patrimoniais.

Proposta

A vista do prazo notificado para dar cumprimento o Auto, sendo a data límite o 23 de xuño de 2011, para facer efectiva a execución do mesma, esta Concelleira de Economía e Facenda, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

a) Declarar retidos nas aplicacións orzamentarias que están financiadas con recursos da operación de préstamo concertado co BANCO BILBAO-VIZCAYA ARGENTARIA destinados ao financiamento do plan de investimentos que figuran no orzamento do ano 2011, unha contía de 5.157.910,39 euros, contía esta que representa o principal de débeda que corresponde a sentenza de Miraflores Vigo SA.

b) Reaxusta-las aplicacións correspondentes ao plan de investimentos do ano 2011 financiadas con recurso afectado, quedando como sigue:

| Aplicación | Proxecto | Concepto | Importe | Préstamo |
|-------------------|-----------------|--|----------------|-----------------|
| 1510.60000 01 | 1115100 1 | Indemnización Miraflores | 5.157.910,39 | 5.157.910,39 |
| 1550.61900 25 | 1115502 5 | Melloras aceras de Avda. Castelao | 125.000,00 | 125.000,00 |
| 155061900 04 | 8511003 | Dotación para modificados proxecto investimentos | 602.089,61 | 602.089,61 |

| | | | | |
|------------------|--------------|--|--------------|--------------|
| 1550.61900 31 | 1115503 1 | Mellora Acera Balaidos(E.Kraf-M.Castro) | 50.000,00 | 50.000,00 |
| 1550.61900 38 | 1115503 8 | Muro Rúa Espiñeiro | 440.699,36 | 440.699,36 |
| 1550.61900 50 | 1015505 0 | Mell. Rúa Pino, 2ª Fase | 200.000,00 | 200.000,00 |
| 1550.61900 51 | 1115505 1 | Melloras Rúa Esperanto | 39.960,00 | 39.960,00 |
| 1550.68900 90 | 1115509 0 | Escultura Bicentenario, 2ª anualidade | 179.800,00 | 179.800,00 |
| 1610.60000 00 | 1116100 0 | 1ª anualidade nova EDAR | 1.905.040,00 | 1.905.040,00 |
| 1710.60900 00 | 1117100 0 | Fonte Praza da Miñoa | 50.000,00 | 50.000,00 |
| 1710.61900 02 | 1117100 2 | Remodelación Praza da Miñoa | 50.000,00 | 50.000,00 |
| 1710.61900 04 | 1117100 4 | Axardinamento Entorno Balaidos | 90.000,00 | 90.000,00 |
| 1710.61900 05 | 1117100 5 | Investiment. En Parq. Infantís e biosaludables | 20.000,00 | 20.000,00 |
| 1710.61900 07 | 1117100 7 | Axardinamento Rúa Teuxugueiras | 55.000,00 | 55.000,00 |
| 1710.61900 08 | 1117100 8 | Axardinamento Parque Rivera Atienza | 60.000,00 | 60.000,00 |
| 1710.61900 10 | 1117101 0 | Axardinamento Alameda Navia | 55.000,00 | 55.000,00 |
| 1710.61900 11 | 1117101 1 | Axardinamento Med. Avda. Castelao | 60.000,00 | 60.000,00 |
| 1720.61000 00 | 1117200 0 | Recuperación húmedais | 84.500,64 | 84.500,64 |
| 2310.62200 01 | 1123100 1 | Construcción Centro Servizos Sociais | 350.000,00 | 350.000,00 |
| 2311.62900 00 | 1123110 0 | Compra de fotocopiadora | 6.000,00 | 6.000,00 |
| 3210.62500 00 | 1132100 0 | Mobiliario e equip.novas Escolas infantís | 165.000,00 | 165.000,00 |
| 3230.62500 00 | 1132300 0 | Mobiliario aula UNED | 20.000,00 | 20.000,00 |
| 3230.62600 01 | 1132300 1 | Equip.informáticos aula UNED | 20.000,00 | 20.000,00 |

| | | | | |
|------------------|--------------|--------------------------------------|------------|-------------------|
| 3230.62900 02 | 1132300 2 | Equip. Audiviauais e outro aula UNED | 20.000,00 | 20.000,00 |
| 3331.62900 03 | 1133310 3 | Equipamento museo da radio | 50.000,00 | 50.000,00 |
| 3340.62200 00 | 1133400 0 | Adquisición local biblioteca | 60.000,00 | 60.000,00 |
| 3340.62200 01 | 1133400 1 | 1ª Fase centro Social a Miñoa | 60.000,00 | 60.000,00 |
| 3340.63200 01 | 1133400 2 | Adecu.local museo xoguetes Fase I | 130.000,00 | 130.000,00 |
| 3360.61900 01 | 1133600 1 | Melloras casco vello | 90.000,00 | 90.000,00 |
| 3360.62200 55 | 1045315 5 | Adec. Prox.expositivo pinacoteca | 194.000,00 | 194.000,00 |
| 3360.62600 02 | 1133600 2 | Autoguías prox.expositivo pinacoteca | 60.000,00 | 60.000,00 |
| 3360.62200 00 | 9453101 | Centro galego de fotografía, Fase II | 190.000,00 | 190.000,00 |
| 3410.60900 58 | 1045215 8 | Melloras inst. Deport. Par.Barreiro | 100.000,00 | 100.000,00 |
| 3410.61900 01 | 1134100 1 | Mellora entorno pavillón Coia | 50.000,00 | 50.000,00 |
| 3410.61900 02 | 1134100 2 | Mellora entorno pavillón Navia | 110.000,00 | 110.000,00 |
| 3410.62200 00 | 1134100 0 | Campo futbol e grada Barreiro/Madroa | 100.000,00 | 100.000,00 |
| Total | | | | 11.000.000,0 0 |

c) Ao amparo do preceptuado no artigo 106 da Ley 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e artigo 173.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non existir aplicación orzamentaria para facer fronte a execución da sentenza, solicitar da Alcaldía Presidencia, si o considera oportuno, por tratarse dunha competencia propia, o inicio dun expediente de modificación de Orzamentos (Crédito Extraordinario), con baixas nas aplicacións do capítulo VI do estado de gastos do orzamento financiadas co préstamo concertado segundo a relación que conforma o apartado b) da proposta, para dotar unha aplicación por un importe suficiente para dar cumprimento o requirimento xudicial ou o acordo dun plan de pagamentos, sometendo con posterioridade a proposta de modificación orzamentaria ao Pleno da Corporación.

d) Tendo en conta que a puxa do Patrimonio Publico do Solo para a obtención dos recursos necesarios para facer fronte o gastos do principal e dos seus xuros quedou deserto, elaborar e propor o Sr. Xuíz, un plan de extinción da débeda en tres pagos, por resultar un quebranto para o Concello a posibilidade de facer fronte a totalidade da mesma con cargo o orzamento do ano 2011, xa que imposibilitaría facer fronte os gastos que devengan as prestacións de servizos formalizados nos contratos vixentes. A xustificación de non solicitar o aprazamento no ano 2010, fundamentouse na esperanza de conseguir os recursos necesarios a través do procedemento de puxa que estaba en trámite e que fracasou, o que nos obriga a facela solicitude neste intre.

e) O plan de pagamentos proposto o Sr. Xuíz, tendo en conta a contía actualizada sería:

| Anos | Importe | Recurso que financian o gasto | | |
|------|---------------|-------------------------------|----------------------------|---------------------|
| | | Préstamo 2011 | R. Tesorería Gts.Generales | Recursos ordinarios |
| 2011 | 7.157.910,39 | 5.157.910,39 | 2.000.000,00 | |
| 2012 | 1.800.000,00 | | | 1.800.000,00 |
| 2013 | 1.768.376,61 | | | 1.768.376,61 |
| | 10.726.287,00 | | | |

f) Si a Alcaldía Presidencia o considera, artellala modificación orzamentaria para axustalo plan de investimentos de acordo ao previsto no apartado b), así como completala contía para facer fronte o pago previsto no apartado e) desta proposta con financiamento adicional con cargo o Remanente Líquido de Tesourería.

g) Unha vez que se formalice e sexa aceptado o plan polo Sr. Xuíz, procederá a tramitación efectiva da modificación orzamentaria, sen prexuízo da súa preparación dende a adopción do acordo.

h) Que, pola Xerencia de Urbanismo, se inicie simultaneamente o procedemento para a recuperación das parcelas na Bouza Sur, de titularidade Municipal e escrituradas a favor de Miraflores Vigo, SA.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade á proposta que antecede.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14.10 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.